PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 04/02/2020

4. Mocións. 3
4.2 10/MOC-000178 (0062867) 3
(0062867) Entrada da iniciativa 4
(0062999) Emendas dos grupos parlamentarios 6
4.3 10/MOC-000179 (0062916) 8
(0062916) Entrada da iniciativa 9
(0063001) Emendas dos grupos parlamentarios 12
5. Proposicións non de lei ante o pleno. 14
5.1 10/PNP-004271 (0040693) 14
(0040693) Inicio por asunción de proposición non de lei de iniciativa popular 15
(0062990) Emendas dos Grupos Parlamentarios 20
(0062933) Emendas dos Grupos Parlamentarios 22
(0062998) Emendas dos Grupos Parlamentarios 24
5.2 10/PNP-004496 (0060188) 26
(0060188) Entrada da iniciativa 27
(0062945) Emendas dos Grupos Parlamentarios 30
(0062996) Emendas dos Grupos Parlamentarios 32
5.3 10/PNP-004519 (0060646) 35
(0060646) Entrada da iniciativa 36
(0063000) Emendas dos Grupos Parlamentarios 38
5.4 10/PNP-004527 (0060768) 40
(0060768) Entrada da iniciativa 41
(0062946) Emendas dos Grupos Parlamentarios 43
(0062997) Emendas dos Grupos Parlamentarios 45
5.7 10/PNP-004598 (0061815) 47
(0061815) Entrada da iniciativa 48
(0062991) Emendas dos Grupos Parlamentarios 52
5.8 10/PNP-004619 (0061990) 54
(0061990) Entrada da iniciativa 55
(0062992) Emendas dos Grupos Parlamentarios 62
(0062994) Emendas dos Grupos Parlamentarios 66
(0062995) Emendas dos Grupos Parlamentarios 72
(0063002) Emendas dos Grupos Parlamentarios 78

PARLAMENTO
DE GALICIA

4. MOCIÓNS.

4.2 10/MOC-000178 (0062867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas termináis. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 59959, publicada no BOPG n.º 578, do 17.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062867) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62867
Data envio: 31/01/2020 14:10:01.860

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada Patricia Vilan Lorenzo e a través do seu portavoz adxunto, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais (10/INT- 002050, doc. núm. 59959).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar, antes do remate do mes de marzo de 2020, un informe relativo ao cumprimento e difusión na nosa Comunidade da Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais (Lei 5/2015, do 26 de xuño) e remitilo aos grupos parlamentarios coa fin de poder avaliar a súa evolución nestes case 5 anos de vixencia.

2. Comparecer ante o pleno do Parlamento para dar conta do mencionado informe, tamén no relativo ás actuacións desenvolvidas para a difusión da dita lei entre os profesionais e a cidadanía de Galicia e á promoción entre a poboación do documento de instrucións previas.

3. Desenvolver regulamentariamente, antes do primeiro semestre de 2020, a lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, e abrir ao efecto un procedemento transparente e participativo de cara a ese desenvolvemento.

4. Colaborar activamente e facilitar a aplicación en Galicia da lexislación estatal que sexa aprobada como consecuencia da proposición de lei orgánica do Grupo Socialista no Congreso dos Deputados (rexistrada o día 24 de xaneiro deste ano) para a regulación da eutanasia.

5. Prever a activación, de maneira áxil e resolutiva, dos mecanismos necesarios para adaptar a lexislación estatal á realidade do sistema público de saúde de Galicia, garantindo así o exercicio do dito dereito cando fose recoñecido.

CSV: REXISTROMkzvvB4Zg9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 62867
Data envío: 31/01/2020 14:10:01.860

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

6. Dotar dos medios necesarios, materiais e humanos, aos equipos profesionais do SERGAS, para adecuar a súa dispoñibilidade en consonancia coa lexislación que fose aprobada sobre a regulación da eutanasia no contexto estatal, facendo compatibles o dereito á eutanasia e o dereito á obxección de conciencia.

7. Recoñecer a lexitimidade do debate e da regulación da eutanasia e a súa despenalización, con todas as garantías éticas e de seguridade xurídica, dando así cumprimento da vontade das persoas e a protección do seu dereito fundamental á dignidade humana.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2020 10:22:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/01/2020 10:23:07

CSV: REXISTROMkzvxB4Zg9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062999) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:22:35
Nº Rexistro: 62999
Data envio: 03/02/2020 18:22:35.249

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **62867 [10/MOC-000178]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 59959, publicada no BOPG n.º 578, do 17.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de febreiro de 2020.

Emenda de substitución

Substituír os puntos 4, 5 e 6, por un punto co seguinte texto:

"Apoiar as iniciativas, tanto de modificación do punto 4 do articulo 143 do Código Penal para que queden exentos de responsabilidades os que de maneira indirecta ou cooperando axuden a morrer de maneira segura, pacífica, sen dor a unha persoa que o pida de xeito expreso, libre e inequívoco, como da lexislación que regule a súa aplicación."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: REXISTROk345r2zm6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:22:35
Nº Rexistro: 62999
Data envío: 03/02/2020 18:22:35.249

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2020 17:58:20

CSV: REXISTROk345l2zm6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.3 10/MOC-000179 (0062916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia.(Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 59392, publicada no BOPG n.º 572, do 4.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062916) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2020 17:58:30
Nº Rexistro: 62916
Data envio: 31/01/2020 17:58:30.604

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia (10/INT-002032, documento número 59392)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir as conclusións do informe *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* e deseñar, no prazo de tres meses, un plan de acción ligado ás conclusións expostas no informe que permita afrontar as realidades da atención primaria, que en todo caso, debería comezar a executarse no primeiro semestre do ano 2020.

Este plan de acción contará coas seguintes liñas estratéxica:

A) Persoal:

a) A incorporación ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte.

b) A renegociación das condicións laborais dos profesionais existentes no sistema a partir de acordos cos representantes en mesa sectorial, singularmente en atención primaria.

c) A mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de

CSV: REXISTROEPRsUTxV9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2020 17:58:30
Nº Rexistro: 62916
Data envío: 31/01/2020 17:58:30.604

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade e menor variabilidade espacial, singularmente en atención primaria.

d) Solicitar ao Goberno de España a eliminación da taxa de reposición para o persoal do sistema sanitario.

B) Estrutura organizativa:

a) Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

b) Ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.

C) Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais:

- Fomentar a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais de atención primaria, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundizar máis no que pode aportar cada unha delas.

D) Implementación de formación e investigación:

- Comprometer un incremento das partidas dedicadas á investigación sanitaria e formación de profesionais, que as sitúe no marco do ano anterior, e eleve un 5% progresivo cada una durante os vindeiros 4 anos.

2. Comparecer ante o Parlamento, no prazo de 6 meses, para dar conta da xestión realizada despois da posta en marcha do plan de acción.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunta do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRORERPRsUTxV9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2020 17:58:30
Nº Rexistro: 62916
Data envío: 31/01/2020 17:58:30.604

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2020 17:56:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/01/2020 17:57:14

CSV: REXISTRORERPRsUTxV9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0063001) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:23:09
Nº Rexistro: 63001
Data envio: 03/02/2020 18:23:09.153

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **62916 [10/MOC-000179]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 59392, publicada no BOPG n.º 572, do 04.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de febreiro de 2020.

Emenda de substitución

Substituír o punto número 1 polo seguinte texto:

"Rematar os traballos das 15 Comisións Técnicas, formadas por máis de 200 persoas dos diferentes colectivos que conforman a Atención Primaria, e publicar de inmediato as conclusións das mesmas para proceder á elaboración do Plan Galego de Atención Primaria."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: REXISTROSP9U3E18J4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:23:09
Nº Rexistro: 63001
Data envío: 03/02/2020 18:23:09.153

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2020 18:17:28

CSV: REXISTRGSP9U3E18J4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

5. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

5.1 10/PNP-004271 (0040693)

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura de Enfermería Escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza aos centros públicos e privados concertados de ensino

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040693) Inicio por asunción de proposición non de lei de iniciativa popular

ESCRITO DIRIXIDO A: MESA DO PARLAMENTO

ADXUNTASE A SEGUINTE DOCUMENTACION:

- Texto articulado da Proposición Non de Lei: ENFERMERIA ESCOLAR: Regulación da Figura e Dotación dos Centros Escolares en Galicia.

- Relación dos Membros da Comisión Promotora e Enderezo para as comunicacións pertinentes.

- Fotocopia DNIs de cada un dos membros da Comisión Promotora.

- Certificación do Censo Electoral de cada un dos membros da Comisión Promotora

- Declaración de cada un dos membros da Comisión Promotora de non estar incursos en causas de inelixibilidade ou incompatibilidade.

PROCEDENTE DA: COMISION PROMOTORA da Proposición Non de Lei: ENFERMERIA ESCOLAR: Regulación da Figura e Dotación dos Centros Escolares en Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
21 NOV. 2018
Núm. 40693

Santiago de Compostela, 21 de Novembro 2018

PROPOSICIÓN NON DE LEI : ENFERMERIA ESCOLAR: Regulación da Figura e Dotación dos Centros Escolares en Galicia.

Á Mesa do Parlamento

Maite Peña Fernández, María Paz Gómez del Valle Ochoa, Jorge Rodríguez González, Vanesa Alvarellos Cerqueiro, Ana Josefa García Campos, María José Álvarez Folgar, María Luisa Rodríguez Pereiro, Montserrat Álvarez Rodríguez, Rogelio Carballo Solla e María José Mansilla Chao, ao abeiro da Lei 7/2015, do 7 de Agosto, no seu artigo 16, presenta a seguinte Proposición Non de Lei sobre Enfermería Escolar, regulación da figura e dotación dos Centros Escolares en Galicia, para o seu debate no Parlamento.

Exposición de motivos

A Proposición non de Lei que seguidamente expoñemos conta cos apoios de diversas asociacións que pasamos a nomear: Federación Galega de Diabetes, Unión Galega de Epilepsia, Federación Autismo Galicia, Asociación de Déficit de Atención Hiperactividade e Necesidades específicas de apoio educativo, Asociacións de Nais e Pais (CONGAPA e CONFAPA), Colexio de Enfermería de A Coruña e Consello Galego de Médicos.

Primeiro.- Na Comunidade Autónoma de Galicia existe un número relevante de enfermidades crónicas que afectan á infancia, tales coma Diabetes Mellitus (DM) tipo 1, asma, epilepsia, enfermidade inflamatoria intestinal, etc. Deseguido amosamos datos do impacto dalgunhas delas:

- Segundo un estudo multicéntrico realizado na nosa comunidade no ano 2011, a DM tipo 1 ten unha incidencia de 17,2 casos/100.000/ano. Ao longo de 10 anos diagnosticáronse 559 novos casos de DM tipo 1 en menores de 15 anos, dos cales 330 eran menores de 10 anos.

- Respecto ao asma, un estudo transversal, levado a cabo na nosa comunidade, publicado no ano 2011, estima que as incidencias de devandita enfermidade entre nenos de 6-7 anos acada o 13,6%, e entre adolescentes de 13-14 anos o 12,2%.

- Tamén existen outros trastornos que derivan en condutas de risco como é o caso do Autismo ou o Déficit de Atención e Hiperactividade, que afecta ao 5-7% dos nenos en idade escolar, que precisan de actuacións individualizadas, multidisciplinares e ben coordinadas. Amais, no horario escolar, prodúcense situacións de urxencia asistencial derivadas de accidentes que poden ser potencialmente solventados por un enfermeiro/a escolar.

Segundo: Tralo diagnóstico de calquera enfermidade crónica é importante achega-las ferramentas necesarias para que dita afección non impida unha correcta integración do menor en tódalas facetas da súa vida, incluída a escola. Un recente estudo levado a cabo pola Fundación Española de Diabetes (FEDE) sobre as necesidades do Neno con Diabetes en Idade Escolar, con datos de 17 comunidades autónomas, amosa os seguintes achados: o diagnóstico de DM tipo 1 afectou a súa vida familiar en 7 de cada 10 proxenitores, e 1 de cada 2 tivo que modifica-la súa actividade laboral para atende-lo seu fillo; o 27% dos pais con nenos diabéticos menores de 6 anos atoparon algún problema no centro escolar a consecuencia da enfermidade; o 71% dos nenos con diabetes non come no colexio por motivos de proximidade, pero tamén derivados da enfermidade, como é asegurarse unha dieta axeitada e a administración de insulina; un 40% dos pais considera que o centro escolar non sabe recoñecer hipoglucemias leves.

Terceiro.- Corresponde a tódalas profesións sanitarias participar activamente en proxectos que poidan beneficia-la saúde e o benestar das persoas en situacións de saúde e enfermidade, non só garantindo un correcto tratamento e coidado senón tamén desenvolvendo o campo da prevención, educación sanitaria e intercambio de información con outros profesionais.

Cuarto.- A figura de Enfermeiro/a Escolar xorde en Londres no 1897. "The London School Nurses Society" crea os primeiros postos e determina as súas funcións. Na actualidade é unha entidade recoñecida noutros países da Unión Europea tales como Suecia ou Francia, e tamén en EE.UU. onde máis do 75% das escolas contan con enfermeiros/as a tempo completo. En España outras comunidades autónomas como Madrid, Valencia e máis recentemente Estremadura, Murcia, Andalucía e Canarias xa a recoñecen.

As competencias do enfermeiro/a escolar son múltiples. A continuación expóñense a modo de sinopse algunhas delas:

- Función asistencial: prestar atención e coidados da saúde integral ao alumnado e resto da comunidade escolar, coidados que inclúen:
    - Control e seguimento do alumnado con enfermidades crónicas en colaboración coa familia, facultativos e demais membros do equipo de saúde.
    - Actuar ante emerxencias ou incidencias que xurdan durante o horario escolar.
    - Administra-los tratamentos e medicacións prescritos polos profesionais médicos aos escolares que o requiran, previa autorización por escrito.
    - Previr e detectar de maneira precoz problemas de saúde.
    - Crear unha historia individualizada.
    - Supervisa-lo equilibrio da alimentación ofrecida no centro.

- Función docente:
    - Promover saúde e hábitos de vida saudábeis.
    - Educar aos alumnos con enfermidades crónicas e ao resto de comunidade educativa no concepto de autocoidado.

- Función investigadora:
    - Mellora-los recursos didácticos en colaboración co equipo docente.
    - Avaliar resultados e cumprimento de obxectivos en materia de promoción de saúde.

- Función xestora:
    - Se-lo referente de saúde e nexo de unión entre os diferentes organismos involucrados na saúde dos escolares, facilitando programas de promoción de

saúde implantados pola Administración.

Quinto.- A figura do enfermeiro/a escolar presenta unha gran utilidade dadas os seus múltiples labores, e comprobouse o seu custo-efectividade en artigos publicados en revistas científicas de alto impacto, como JAMA, onde se determina un beneficio neto en EE.UU. de 88,2 millóns de dólares, ou dito doutro xeito: por cada dólar investido gáñanse 2,2 dólares, medidos en termos de aforro en coidados médicos, absentismo laboral dos pais e produtividade do profesorado.

Sexto.- A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Educación non contempla a figura de Enfermeiro/a Escolar no coidado das enfermidades crónicas.
Segundo a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establecese o dereito á EDUCACIÓN SANITARIA e á información axeitada que propicie a adopción de costumes e estilos de vida saudábeis. Tamén especifícase no artigo 14 do seu Título 1, Capítulo 1, que: "As persoas menores, as maiores dependentes, as enfermas mentais e terminais, as doentes que padecen enfermidades crónicas e discapacitantes, os e as pacientes diagnosticados de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación e as persoas pertencentes a grupos de risco, en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas Administracións Sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia."
Na actualidade existe unha Lei Orgánica 2/2006, de 3 maio, relativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en cuxo artigo 71 do seu Título II, Capítulo I, establécese que: "As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei." De igual maneira, especifica a igualdade de criterios para a determinación de recursos entre os centros públicos e os centros privados concertados.
No Decreto 229/2011, do 7 Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; no seu Capítulo II, garántese "unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais" e asegúrase a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades.
A normativa define ao alumno con necesidades específicas de apoio educativo como aquel que requira por un período da súa escolarización, ou ó longo de toda ela, de determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidades motoras, sensoriais, intelectuais ou trastornos xeneralizados da súa conduta.

A tenor da lexislación vixente evidénciase un claro baleiro normativo en materia de apoio sanitario nos centros docentes con nenos que padecen enfermidades crónicas tales como DM tipo 1, asma, epilepsia etc. Dito baleiro implica una clara situación de vulnerabilidade e risco de deterioro da saúde dos nenos galegos no seu horario lectivo.

Por todo o exposto preséntase devandita Proposición Non de Lei para o seu debate.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer e regular a figura da Enfermería Escolar na Comunidade Autónoma de Galicia.

PARLAMENTO
DE GALICIA

2. Promover un acordo entre as Consellerías competentes en materia de Educación e Sanidade para determina-la execución e adxudicar un enfermeiro/a aos centros públicos e privados concertados.

Mesa do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062990) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 17:55:47
Nº Rexistro: 62990
Data envío: 03/02/2020 17:55:47.511

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Mixto, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura de Enfermería Escolar e o impulso dun acordo entre as consellerías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza aos centros públicos e privados concertados de ensino (10/PNP-004271, doc. núm. 40693).

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"Creación dun programa de asistencia e educación sanitaria escolar que, implementado nos centros educativos e dirixido dende as instancias sanitarias de proximidade, coa dotación de persoal axeitada, descentralice a atención sanitaria básica de control e seguimento orientada á poboación en idade escolar, así como desenvolva labores de educación sanitaria sobre hábitos saudables, primeiros auxilios, coidados básicos e con atención especial aos nenos/as con necesidades específicas en atención sanitaria."

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2020 17:20:48

CSV: REXISTROTLsRsEef8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 17:55:47
Nº Rexistro: 62990
Data envío: 03/02/2020 17:55:47.511

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/02/2020 17:21:01

CSV: REXISTROTLsiRSEef8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062933) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 12:41:12
Nº Rexistro: 62933
Data envío: 03/02/2020 12:41:12.999

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 40693 (10/PNP-004271), do Grupo Parlamentario Mixto, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura de Enfermería Escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza aos centros públicos e privados concertados de ensino.

EMENDA DE SUPRESIÓN

Debe suprimirse no punto 2 o seguinte texto: *"e privados concertados"*.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Luca Chao Pérez
Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: REXISTROEUdwM3wO9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 12:41:12
Nº Rexistro: 62933
Data envío: 03/02/2020 12:41:12.999

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

Eva Solla Fernández na data 03/02/2020 12:38:00

Luca Chao Pérez na data 03/02/2020 12:38:44

CSV: REXISTROEtJ8wM3wO9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062998) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:22:19
Nº Rexistro: 62998
Data envío: 03/02/2020 18:22:19.981

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **40693 [10/PNP-004271]**, do Grupo Parlamentar Mixto, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura de Enfermería Escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza aos centros públicos e privados concertados de ensino, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de febreiro de 2020.

Emenda de substitución

Substituír no punto 2 o texto que vai despois de "Educación e Sanidade" polo seguinte:

"para realizar un estudo sobre o número de nenxs e as doenzas que padecen subsceptíbeis de precisar atención sanitaria de xeito, permanente en horario escolar para determinar o número de profesionais precisos para atendela."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: REXISTROx11spoSmf9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:22:19
Nº Rexistro: 62998
Data envío: 03/02/2020 18:22:19.981

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2020 18:20:21

CSV: REXISTROv1 spoSmF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

5.2 10/PNP-004496 (0060188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos

PARLAMENTO DE GALICIA

(0060188) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 13:02:52
Nº Rexistro: 60188
Data envio: 18/12/2019 13:02:52.212

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

No mes de agosto deste ano 2019, a entidade deportiva "Real Club Celta de Vigo" firmaba un convenio coa alcaldesa do Concello de Mos promovendo un proxecto para a construción dun centro comercial (160.000 m²), unha nova cidade deportiva de uso privado (250.000 m²) ademais dunha zona verde de titularidade privada -aínda que de uso público- (450.000 m²). En total, case 900.000 m² que pretenden ocupar, non sendo terreos propiedade da dita entidade deportiva ou do concello, senón fincas privadas e dous montes comunais (de Pereiras e de Tameiga), limítrofes co termo municipal de Vigo. Este proxecto ten sido especialmente polémico dende o seu inicio pola posible afección ao medio natural e patrimonial, da que sempre advertiron dende a veciñanza e a oposición municipal ao Goberno municipal do PP e ao que se teñen oposto maioritariamente.

Nestes días soubemos da autorización pola Xunta de Galicia para o proxecto de construción de dous campos de fútbol e dun soto nos terreos permutados coa dirección do monte comunal de Pereiras, mais nada do centro comercial que garantiría, segundo o propio convenio firmado en agosto, a "viabilidade económica" do proxecto. Porque aínda non ten os permisos da Xunta de Galicia para todo o complexo e o que hai, polo momento, é unha licenza municipal para obras de menor entidade. En virtude desta, a entidade deportiva xa comezara hai preto dun ano as obras, uns traballos cuxa primeira pedra simbólica (ou primeira fase, como se dixo na ostentosa inauguración) se colocou hai escasamente unha semana. A ese acto de inauguración, nunha gran carpa instalada sobre as obras xa en marcha, asistiron os dous asinantes do convenio, é dicir, a alcaldesa de Mos e o presidente da entidade deportiva, baixo o amparo do secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que os acompañaba non se sabe moi ben en calidade de que.

CSV: REXISTROUgc27RM0JV6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 13:02:52
Nº Rexistro: 60188
Data envío: 18/12/2019 13:02:52.212

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

As dúbidas deste proxecto son moitas:

- O artigo 6 da Lei de montes veciñais 13/1989, do 13 de outubro, establece que os montes veciñais só poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalentes aos dos propios montes veciñais. A dita expropiación esixe ademais unha declaración expresa do Goberno galego, motivando esa declaración de prevalencia da utilidade pública ou do interese social.
  Que clase de utilidade pública ou interese social prevalente pode existir sobre o monte comunal de Tameiga, que se opón ao proxecto?

- O solo afectado é rústico de protección forestal, sobre o que o artigo 35 da Lei do solo de Galicia 2/2016, do 10 de febreiro, dispón que están permitidas as actividades de ocio (como a práctica de deportes organizados e as actividades comerciais ambulantes) e tamén as actividades de carácter deportivo, sociocultural e recreativo -públicas ou privadas- ao aire libre. O mesmo artigo prohibe outros usos en solo rústico. Parécenos difícil encaixar o proxecto contido no convenio de agosto neste artigo. Quizais por iso o Goberno municipal de Mos celebrou un Pleno para declarar a supramunicipalidade do proxecto -difícil de entender porque o solo é só de Mos- e para aprobar a modificación puntual do PXOM que se fixera tan só hai un par de anos.

- Descoñécese que se vai facer ante as dúbidas relativas ao abastecemento de auga (á marxe de que houbo multitude de alegacións de responsables de Comunidades de Usuarios de Augas e de que é preciso un convenio co Concello de Vigo pola auga), ao saneamento ou a como se vai abastecer de enerxía este futurible complexo.

- O acceso á cidade deportiva do "Real Club Celta de Vigo" está previsto a través da autovía A-55, que xa ten un informe negativo moi recente do Ministerio de Fomento, que non sabemos como se vai evitar.

- E finalmente, as obras de construción dos dous campos de fútbol destaparon restos arqueolóxicos no lugar de Pereiras que semellan ser restos cerámicos do ano 2.500 a.C. Os arqueólogos teñen feito labores de recuperación e documentación nunha zona ben pequena, pois aínda quedan unhas 10 hectáreas por investigar, nas que probablemente se atope o asentamento da poboación que alí viviu naquel tempo. O problema está en que, despois da festa de inauguración, non afectarán á continuación do

CSV: REXISTROUgc7RM0JV6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 13:02:52
Nº Rexistro: 60188
Data envío: 18/12/2019 13:02:52.212

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

proxecto. Descoñécese que se está a facer cos restos arqueolóxicos atopados e cos que aínda non se atoparon.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a non tramitar o proxecto para a construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva de uso privado e dunha zona verde de titularidade privada acordadas no convenio celebrado en agosto de 2019 entre a entidade deportiva "Real Club Celta de Vigo" e a alcaldesa do Concello de Mos, en tanto non se adapte á lexislación vixente -nomeadamente a Lei de montes veciñais 13/1989, de 13 de outubro, e a lei do Solo de Galicia 2/2016, de 10 de febreiro- e ata que se aclaren todas as dúbidas relativas ao abastecemento de auga, ao saneamento, ao abastecemento de enerxía, ao acceso ao complexo a través da autovía A55 e ao tratamento dos restos arqueolóxicos atopados e por atopar nas obras que xa se están a desenvolver.

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2019 12:58:55

María Luisa Pierres López na data 18/12/2019 12:59:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/12/2019 12:59:16

CSV: REXISTROUgc7RM0JV6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062945) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 13:44:07
Nº Rexistro: 62945
Data envio: 03/02/2020 13:44:07.086

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas** á **Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos, **doc. núm. 60188 (10/PNP-004496)**, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o 4 de febreiro de 2020.

Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes puntos co seguinte texto:

"2.- Que antes de autorizar a instalación de novos centros comerciais, como o mencionado nesta Proposición non de lei, se desenvolvan informes das consecuencias para o comercio local e de proximidade, a destrución de emprego que implica, a redución da diversidade comercial e redución de puntos de venda de produtos locais e pola implantación de grandes superficies comerciais nas zonas de afectación dos mesmos.

3.- Que antes de autorizar a instalación de novos centros comerciais se desenvolvan informes das consecuencias, desaxustes e saturación do mercado para os pequenos propietarios de locais comerciais nas zonas onde se instalan grandes superficies. Os informes tamén reflectiran a superficie comercial desocupada nos centros e nos barrios das zonas afectadas.

4.- Condicionar as autorizacións de novos centros comerciais as conclusións dos informes anteriormente descritos.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020.

CSV: REXISTROD9TXmkP49
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 13:44:07
Nº Rexistro: 62945
Data envío: 03/02/2020 13:44:07.086

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luis Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 03/02/2020 13:42:35

Luis Villares Naveira na data 03/02/2020 13:42:51

CSV: REXISTROO9Tcmk2-49
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062996) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:21:48
Nº Rexistro: 62996
Data envio: 03/02/2020 18:21:48.916

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **60188 [10/PNP-004496]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de febreiro de 2020.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

"Asemade, insta á Xunta a informar negativamente a proposta presentada como "MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOS PARA A DELIMITACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE USOS DOTACIONAIS E TERCIARIO" por non tratarse dunha modificación puntual senón dunha revisión substancial das condicións recollidas no actual PXOM, porque a Cidade Deportiva é unha tapadeira para instalar unha gran superficie comercial moi prexudicial para o comercio tradicional e de proximidade, porque atenta contra os criterios de sostibilidade ambiental ao supoñer a modificación dunha grande extensión de terreo rústico de especial protección forestal, por

CSV: REXISTROKJOIzhY18
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:21:48
Nº Rexistro: 62996
Data envío: 03/02/2020 18:21:48.916

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratarse dunha operación especulativa para asegurar un negocio mediante a obtención a baixo prezo duns terreos que cumpren unha importante función social e ambiental, porque prevé a utilización da expropiación por parte da administración para logo favorecer negocios privados, porque a única razón aducida para xustificar o centro comercial é o de garantir a viabilidade económica da actuación, porque as afeccións das obras e construcións previstas van ter un fortísimo impacto no monte, na paisaxe, dos recursos hídricos, na calidade do ar, na mobilidade e no patrimonio cultural, e, en definitiva, porque existen numerosos informes de diferentes administracións (local, galega e estatal) que cuestionan a necesidade, oportunidade e legalidade do proxecto."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2020 11:22:29

CSV: REXISTROk3O8izhY18
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:21:48
Nº Rexistro: 62996
Data envío: 03/02/2020 18:21:48.916

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2020 11:22:37

CSV: REXISTROk3O8izhY18
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

5.3 10/PNP-004519 (0060646)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - Paula Quinteiro Araújo
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - Xan Xosé Jove González

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sostenibilidade da especie en augas interiores

PARLAMENTO DE GALICIA

(0060646) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2019 10:39:24
Nº Rexistro: 60646
Data envio: 30/12/2019 10:39:24.030

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa do seu deputado **Xan Xosé Jove González** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, sobre as posibilidades de pesca do sector do xeito.**

Exposición de motivos

Unha ano máis o sector do xeito vive con preocupación a situación coa que se pode atopar unha vez que se determinen as súas posibilidades de pesca, así, todo parece indicar, que verán reducida a súas posibilidades de pesca a unha escasas 36 toneladas para o vindeiro anos 2020.

Esta situación provocará unha enorme dificultade económica aos centos de barcos que se adican á pesca da sardiña con esta arte nas rías galegas. Todos coñecemos que esta regulación vén dada polo acordo entre países logo de coñecerse as recomendacións científicas do ICES sobre a situación biolóxica da especie.

Pese a todo, a realidade é que o cupo reservado para o xeito é insignificante en termos de sostenibilidade da especie. Se ademais temos en conta o lugar onde faena esta frota, o noso grupo entende que debera ser a propia Xunta quen, no exercicio da súa competencia, determine as posibilidades de pesca de sardiña para este sector.

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: REXISTRO/gy21xJLn0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2019 10:39:24
Nº Rexistro: 60646
Data envío: 30/12/2019 10:39:24.030

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que no exercicio das competencias que lle son propias, estableza un plan de xestión propio para a arte do xeito, de tal forma que se incrementen as posibilidades de pesca para o sector, e se garanta á sostenibilidade da especie en augas interiores.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González
Paula Quinteiro Araújo
Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda
Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 30/12/2019 10:14:46

Paula Quinteiro Araújo na data 30/12/2019 10:14:56

José Manuel Lago Peñas na data 30/12/2019 10:15:06

CSV: REXISTRO|gy2YxJLn0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA

(0063000) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:22:53
Nº Rexistro: 63000
Data envio: 03/02/2020 18:22:53.983

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **60646 [10/PNP-004519]**, do Grupo Común da Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sostenibilidade da especie en augas interiores, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de febreiro de 2020.

Emenda de adición

Engadir despois de Xunta de Galicia o seguinte texto:

"...a reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do Plan de Xestión Conxunta da Sardiña, asinado entre o Estado español e Portugal, e..."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTROE68758ZS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:22:53
Nº Rexistro: 63000
Data envío: 03/02/2020 18:22:53.983

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2020 18:03:42

CSV: REXISTROE687SGZS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

5.4 10/PNP-004527 (0060768)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas

PARLAMENTO DE GALICIA

(0060768) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2020 13:59:02
Nº Rexistro: 60768
Data envio: 02/01/2020 13:59:02.415

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Martín Fernández Prado; Jaime Castiñeira Broz; Jacobo Moreira Ferro; Antonio Mouriño Villar; Alberto Pazos Couñago; Julia Rodríguez Barreira; Moisés Rodríguez Pérez; Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpengna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Acabamos de coñecer a intención do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial varias estacións de tren da Comunidade desde o 31 de decembro.

Segundo ten trasladado oficialmente Renfe, a intención é deixar de prestar o actual servizo de venda presencial de billetes en oito estacións ferroviarias da Comunidade galega, concretamente: na de Ortigueira, na Coruña; en tres da provincia de Lugo: Burela, Sarria, Viveiro; en dúas da provincia de Ourense: O Carballiño e Ribadavia; e dúas da provincia de Pontevedra: Guillarei (Tui) e Redondela.

Como é sabido, a finais do ano 2016 tamén se produciron noticias que apuntaban a que o trasvase do canal de vendas presencial das estacións de ADIF a Renfe suporía o abandono do servizo da venda presencial de billetes en varias estacións de tren do rural de Galicia. Falábase daquela que se verían afectadas sete estacións de tren: a do Carballiño, Ribadavia, A Rúa e O Barco de Valdeorras, na provincia de Ourense; a de Redondela e Guillarei, na provincia de Pontevedra; e a de Sarria, na provincia de Lugo.

Con todo, a presión trasladada desde distintas institucións, entre elas, a Xunta de Galicia, que mantivo contacto permanente con responsables estatais, e tamén a postura unánime desde Parlamento, tivo como resultado que o ADIF abandonase ese plan de peche de venda de billetes presencial nesas estacións ferroviarias.

Agora, vemos tamén como a Xunta de Galicia xa ten trasladado o seu desacordo con esta medida que pretende implantar o Goberno estatal nestas oito estacións ferroviarias da Comunidade, ao entender que non cumpre co obxectivo de ofrecer servizos ferroviarios de calidade e proximidade, fundamentalmente aos cidadáns do rural.

Tamén desde este grupo parlamentario consideramos este asunto sumamente importante posto que a decisión do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial a estas oito estacións de tren da nosa Comunidade suporá unha merma na calidade dos servizos que se lle prestan aos cidadáns, un claro prexuízo aos veciños

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROaKSIQE6486
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2020 13:59:02
Nº Rexistro: 60768
Data envío: 02/01/2020 13:59:02.415

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

destes concellos e tamén un retroceso no obxectivo da vertebración territorial e da cohesión social, que debería guiar a acción de toda Administración pública.

Polo exposto, desde o Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno:**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas".

Santiago de Compostela, 02 de xaneiro de 2020.-

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/01/2020 13:46:28

Martín Fernández Prado na data 02/01/2020 13:47:04

Jaime Castiñeira Broz na data 02/01/2020 13:47:37

Jacobo Moreira Ferro na data 02/01/2020 13:48:07

Antonio Mouriño Villar na data 02/01/2020 13:48:23

Alberto Pazos Couñago na data 02/01/2020 13:48:42

María Julia Rodriguez Barreira na data 02/01/2020 13:48:58

Moisés Rodríguez Pérez na data 02/01/2020 13:49:19

Gonzalo Trenor López na data 02/01/2020 13:49:34

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 02/01/2020 13:49:59

CSV: REXISTROaKSIQE6486
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0062946) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 13:53:27
Nº Rexistro: 62946
Data envío: 03/02/2020 13:53:27.261

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas** á **Proposición non de lei en Pleno, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas, **doc. núm. 60768 (10/PNP-004527)**, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o 4 de febreiro de 2020.

Emenda de adición.

Débense engadir o seguintes puntos co seguinte texto:

"2.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno español que poña en marcha de inmediato os estudos necesarios para a planificación e o desenvolvemento da rede de media distancia interior de Galicia e a rede de cercanías nas áreas metropolitanas mais importantes e en especial as de A Coruña e Vigo-Pontevedra.

3.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno español que incorpore orzamentos específicos nos orzamentos do Estado para 2020 e anos seguintes, para a reforma e mellora dos trazados, electrificación, seguridade e sinalización das liñas de media distancia: A Coruña-Ferrol; A Coruña-Lugo; Lugo-Monforte-Ourense e a saída sur de Vigo cara a Portugal."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020.

CSV: REXISTROnqpkmwcXW0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 13:53:27
Nº Rexistro: 62946
Data envio: 03/02/2020 13:53:27.261

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luis Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 03/02/2020 13:52:23

Luis Villares Naveira na data 03/02/2020 13:52:42

CSV: REXISTROnqkmwcXW0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062997) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:22:04
Nº Rexistro: 62997
Data envio: 03/02/2020 18:22:04.850

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **60768 [10/PNP-004527]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de febreiro de 2020.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto

"Asemade, o Parlamento insta á Xunta a demandar ao goberno do Estado as seguintes medidas de fomento do ferrocarril en Galiza:

- Poñer en marcha un plan de modernización dos ferrocarrís empregados para o transporte de persoas en Galiza.
- Derrogar a suba de prezos como medida inicial de compensación polo deterioro do servizo.
- Incrementar os servizos nas principais liñas, así como as paradas nas estacións interurbanas.

CSV: REXISTROYKCEXLbVU7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:22:04
Nº Rexistro: 62997
Data envío: 03/02/2020 18:22:04.850

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Transferir as competencias e financiamento en materia ferroviaria para facer posíbel a creación dun ente ferroviario galego e do servizo de cercanías."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2020 11:10:48

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2020 11:10:52

CSV: REXISTROYKCEXLbVU7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

5.7 10/PNP-004598 (0061815)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza

PARLAMENTO DE GALICIA

(0061815) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:02:49
Nº Rexistro: 61815
Data envio: 16/01/2020 17:02:49.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza para reactivar ás transferencias pendentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fortalecer e incrementar o autogoberno de Galiza é unha aspiración que garda relación directa con mellorar as condicións de vida dos galegos e das galegas e facer avanzar ao noso País, Galiza. Está demostrado que a capacidade de decisión sobre os nosos asuntos -alén das lexítimas discrepancias partidarias- é beneficioso pois permite unha xestión máis próxima e adaptada á realidade galega. Desde o BNG aspiramos a ter capacidade plena de decisión, soberanía, sobre aqueles asuntos que teñen incidencia no devir de Galiza.

Porén durante a última década a Xunta de Galiza non freou en seco o incremento do autogoberno. En 10 anos de gobernos do PP non se acadou ningunha soa transferencia, ao contrario, permitiuse a invasión competencial pola vía da recentralización política e non se mantivo unha presión ao estado para completar as transferencias pendentes do actual estatuto, ou outras, que sen estaren contempladas teñen sido obxecto de petición noutros momentos ou a outras comunidades. Trátase dun

CSV: REXISTRO7xTnMz14S2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:02:49
Nº Rexistro: 61815
Data envío: 16/01/2020 17:02:49.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feito sen precedentes na historia recente, pois todos os gobernos da Xunta conseguiran avances nesta materia.

Co obxecto de desbloquear esta parálise nas transferencias, así como o avanzar no autogoberno e nosos recoñecemento nacional, o BNG asinou o pasado 3 de xaneiro un acordo de investidura co PSOE. En virtude deste acordo, positivo e de grande transcendencia para Galiza, recollese o compromiso do goberno do Estado de reactivar as competencias pendentes. Esta decisión require da colaboración da Xunta de Galiza, e dun papel activo á hora de esixir un maior nivel competencial, que como mínimo, nos equipare ao que outras nacións históricas teñen acadado nestas décadas. Estamos falando dun asunto importante pois poderiamos tomar as nosas propias decisións e dar unha resposta máis acorde coas necesidades e demandas da sociedade galega, en ámbitos que teñen unha gran incidencia na vida dos galegos e galegas.

Son moitos os ámbitos sobre os que poderiamos ampliar o noso autogoberno que e van desde; os medios, servizos e efectivos, para desenvolver a lei galega de policía; as transferencias en materia de tráfico e seguridade viaria; salvamento e seguridade marítima, participación de Galiza directa nos órganos da UE, transferencia das autoestradas AP-9, como AP-53; ordenación do litoral, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a execución da lexislación estatal en materia de costas; meteoroloxía, a Confederación hidrográfica Miño-Sil; oficinas de patentes e rexistro de marcas; completar as transferencias en materia de turismo; organismos de investigación mariña en Galiza; xestión en materia de bolsas; bibliotecas, arquivos e museos radicados en territorio galego dependentes da AAPP do estado.

Mais tamén sabemos que o marco autonómico ten limitacións importantes e que hai un debate aberto sobre o modelo do estado e o papel das nacións sen estado. Neste senso, o acordo asinado entre PSOE e BNG reafirma o feito diferencial de Galiza e

CSV: REXISTRO7xThMz14S2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:02:49
Nº Rexistro: 61815
Data envío: 16/01/2020 17:02:49.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compromete que calquera modificación da estrutura territorial do estado, asegurará a Galiza o mesmo status que Euskadi ou Cataluña.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"1. O Parlamento de Galiza manifesta a súa valoración positiva de que se abra unha nova etapa que permita incrementar o autogoberno de Galiza grazas ao acordo de investidura acadado polo BNG e o PSOE é insta á Xunta a participar proactivamente na Comisión Mixta de transferencia Estado –Xunta que se ten que convocar no primeiro trimestre de 2020, para programar, a activación da transferencia da totalidade das competencias pendentes, tanto as que están recollidas no Estatuto de autonomía de Galiza, como aquelas outras que foron obxecto de consenso no Parlamento Galego.

2. O Parlamento de Galiza manifesta a súa vontade de:

a. Impulsar, a través do diálogo entre partidos e institucións, as reformas necesarias para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento dos sentimentos nacionais de pertenza.

b. Tendo en conta o actual status de Galiza, Euskadi e Cataluña como nacionalidades históricas, reclama que calquera modificación da estrutura territorial do Estado, asegurará a Galiza o mesmo status que as outras dúas."

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

CSV: REXISTRO7xThMz14S2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:02:49
Nº Rexistro: 61815
Data envío: 16/01/2020 17:02:49.335

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:01:27

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:01:35

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:01:42

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:01:50

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:01:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:02:07

CSV: REXISTRO7xThMz14S2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062991) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 17:58:01
Nº Rexistro: 62991
Data envio: 03/02/2020 17:58:01.131

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto a iniciativa do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número 61815 (10/PNP-004598)**, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais que pertenza, incluída na orde do dia da sesión plenaria que se vai celebrar os días 4 e 5 de febreiro de 2020.

Emenda de modificación

Débese substituír no punto 2.a. da parte resolutiva o seguinte texto:

Onde di: "... para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento dos sentimentos nacionais de pertenza."

Debe dicir: "... para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento do seu carácter plurinacional."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto

CSV: REXISTROY91DSnEJ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 17:58:01
Nº Rexistro: 62991
Data envío: 03/02/2020 17:58:01.131

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 03/02/2020 17:31:03

CSV: REXISTROYP9:DSnEJ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

5.8 10/PNP-004619 (0061990)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Pedro Puy Fraga
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020.

PARLAMENTO DE GALICIA

(0061990) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:27:32
Nº Rexistro: 61990
Data envio: 20/01/2020 18:27:32.059

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río**, **Marta Rodríguez Arias, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Aurelio Núñez Centeno, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Raquel Arias Rodríguez, Marta Nóvoa Iglesias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Jacobo Moreira Ferro e Alberto Pazos Couñago** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Despois dun prolongado tempo de parálise e de goberno en funcións vense de constituír un novo goberno en España con plenas facultades. Ante o comezo desta nova lexislatura, Galicia debe facer patentes as súas principais reivindicacións, necesidades que o paso do tempo ten agravado. O goberno galego aprobou, con anterioridade á convocatoria electoral, unha Axenda Galicia cunha serie de prioridades que adiantou que esixiría ao futuro goberno, fose este cal fose, e que o presidente da Xunta vén de reiterar nas misivas que ten remitido aos 22 membros do actual Consello de Ministros.

Galicia ten sido nos últimos anos unha comunidade que ten actuado con absoluta lealdade institucional co Goberno de España, cumprindo fielmente os obxectivos pactados no Consello de Política Fiscal e Financeira, respectando o marco constitucional e estatutario e evitando solicitar do goberno estatal axuda financeira para asumir facturas propias da actuación do goberno autonómico.

Con esa lexitimidade, Galicia pode esixir agora, tanto desde o goberno como do Parlamento, lealdade recíproca das institucións centrais ante asuntos de capital importancia para a nosa comunidade, comezando polo pago pendente dunha mensualidade da recadación do IVE, que supón 200 millóns de euros necesarios para

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROracQwftcx9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:27:32
Nº Rexistro: 61990
Data envío: 20/01/2020 18:27:32.059

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

o financiamento das competencias autonómicas e coa convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira para aprobar os incentivos ás comunidades autónomas que cumpriron os seus obxectivos de estabilidade orzamentaria, que no caso galego supoñen outros 170 millóns.

Ademais, dentro da Axenda Galicia figuran demandas xa formuladas a este e outros gobernos no relativo a asuntos como a aprobación da Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico; as demandas ferroviarias a comezar pola finalización en prazo da liña de alta velocidade que unirá Galicia coa Meseta; as necesidades en materia de estradas a comezar pola transferencia da Autovía AP-9; o apoio a sectores produtivos como as industrias electrointensivas, a automoción, o naval, o agrogandeiro, a pesca, as enerxías renovables ou o Xacobeo 2021 xunto á transición enerxética xusta que debe aplicarse coas centrais térmicas; e o apoio á administración autonómica na prestación de servizos públicos cumprindo reclamacións que xa veñen de lonxe nos eidos da sanidade, os servizos sociais, a dependencia, a xustiza ou a educación infantil. Demandas que en moitos casos xa contaron co apoio do Parlamento de Galicia durante o período do goberno do presidente Rajoy ou do primeiro goberno do presidente Sánchez pero que cómpre volver a trasladar a este novo goberno.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar perante o novo Goberno de España as demandas prioritarias fixadas no documento de Axenda Galicia aprobado polo Consello da Xunta de 31 de outubro de 2020, nomeadamente:

1- O pago da débeda pendente con Galicia no relativo á mensualidade do IVE de 2017 aínda non transferida (200 millóns de euros) e aos incentivos ás comunidades con bo desempeño financeiro (170 millóns de euros).

2- A negociación dun novo sistema de financiamento autonómico que pondere nunha maior medida cuestións como o envellecemento e a dispersión da poboación, cun efecto directo no custo de prestación dos servizos e, en consecuencia, das necesidade efectivas de gasto.

3- A aprobación á maior brevidade da comprometida Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico.

CSV: REXISTROacQwrtcx9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:27:32
Nº Rexistro: 61990
Data envío: 20/01/2020 18:27:32.059

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

4- A defensa perante as institucións europeas da non diminución abrupta dos Fondos de Cohesión asignados a Galicia, así como a defensa dos intereses do noso sector pesqueiro no proceso de saída do Reino Unido da Unión Europea.

5- A realización en Galicia das infraestruturas ferroviarias pendentes, nomeadamente a finalización do AVE nos prazos comprometidos, así como as súas conexións con Lugo ou Vigo, os investimentos relacionados coa inclusión no trazado do Corredor Atlántico Europeo, as actuacións de intermodalidade nas estacións ferroviarias, a planificación do ancho de vía, o reforzo dos servizos de viaxeiros ou a integración dos servizos ferroviarios co sistema autonómico de transporte metropolitano.

6- A transferencia á Xunta de Galicia da titularidade de AP-9 e AP-53, convenientemente financiadas para asumir os custos das actuacións, obras e rebaixas de peaxes comprometidas nas mesmas, así como daquelas outras transferencias que, contando co respaldo do Parlamento de Galicia, permitan unha mellor xestión desde a proximidade e dentro do marco constitucional e estatutario.

7- A realización dos restantes compromisos para atender as necesidades de Galicia en materia de estradas, particularmente as relacionadas coas autovías Lugo-Santiago, Ourense-Lugo, Vigo-O Porriño, A-8, A-57 ou autovía da Mariña así como actuacións demandadas noutras estradas como a FE-14, a variante de Ponteareas ou os tramos de concentración da accidentes identificados na rede estatal.

8- A execución e financiamento das obras hidráulicas de interese xeral do Estado, incorporando a estas o sistema de abastecemento da cidade de Vigo e da área sur da provincia de Pontevedra, así como a execución dos compromisos na dragaxe da Ría do Burgo e a implicación das confederacións hidrográficas no apoio aos concellos para o exercicio das súas competencias en materia de augas.

9- Un trato respecto ao financiamento e asunción de débedas contraídas para as autoridades portuarias galegas que sexa igualitario co acordo que se ten contraído ao respecto da autoridade portuaria valenciana.

10- A aprobación á maior brevidade posible dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que recolla as demandas efectuadas por Galicia, así como a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROracQwrtcx9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:27:32
Nº Rexistro: 61990
Data envío: 20/01/2020 18:27:32.059

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

posta en marcha do resto de medidas necesarias para favorecer un prezo eléctrico estable que permita a continuidade de empresas como Alcoa.

11-A posta en marcha, a través da integración de Galicia nos correspondentes convenios e plataformas europeas, de medidas efectivas para garantir unha transición ecolóxica xusta que evite o peche acelerado da central térmica das Pontes e busque unha alternativa industrial ao peche da de Meirama; ao tempo que se convoquen novas poxas de renovables que permitan incrementar aínda máis a potencia de enerxías renovables instalada en Galicia.

12-A adopción de medidas que rematen coas incertezas xeradas ao respecto do regulamento da Lei de Costas e que garantan a continuidade das concesións o autorizacións de usos no dominio público-marítimo terrestre.

13-O remate da incerteza respecto ao futuro do sector da automoción, evitando incrementar a fiscalidade da tecnoloxía diésel e cumprindo o compromiso de conectar Vigo coa rede de transporte de 220 kv a través da subestación eléctrica de Balaídos, fundamental para a competitividade da industria da automoción galega.

14-A consecución de carga de traballo para os estaleiros públicos de Navantia ata que non comece o corte de chapa para o contrato das fragatas F-110 así como o impulso do estaleiro 4.0 en para reforzar a competitividade das instalacións de Navantia Ferrol.

15-A toma áxil de medidas en relación co sector pesqueiro, resolvendo as dificultades burocráticas derivadas da aplicación da nova normativa estatal en materia de control de horarios laborais e promovendo os cambios que permitan facilitar a concesións de axudas a confrarías a través do Fondo Europeo Marítimo Pesqueiro.

16-O inicio dos traballos para un Pacto pola Educación que garanta a estabilidade e reforce a equidade do sistema, priorizando a aprobación dun modelo de acceso á profesión decente semellante ao MIR e a coordinación entre as comisións encargadas de elaborar as probas de acceso á universidade co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades no conxunto do Estado.

17-A adopción de medidas para paliar a escaseza de profesionais da sanidade pública en prazas de difícil cobertura ou especialidades deficitarias como

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROacQwrtcx9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:27:32
Nº Rexistro: 61990
Data envío: 20/01/2020 18:27:32.059

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

medicina de familia ou pediatría, comezando polas que xa foran acordadas en abril de 2018 polo consello interterritorial.

18- O incremento da achega da administración xeral do Estado no cofinanciamento das prestacións de dependencia ata chegar a ser equitativa coa que fai a administración autonómica, así como o incremento da achega estatal para compensar os gastos de transporte en consideración ás particularidade do territorio galego.

19- A necesaria colaboración económica por parte do Goberno central para estender a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas.

20- A toma de medidas en materia de servizos sociais que permitan, por unha banda compensar á administración autonómica por gastos derivados de actuacións estatais (gastos das entidades que traballan coa discapacidade), recuperar fondos comprometidos que foron reducidos no actual exercicio (pobreza infantil, menores estranxeiros non acompañados), incrementar contías de programas insuficientes para atender a demanda actual en Galicia (plan concertado ou plan de desenvolvemento xitano) e cumprir os compromisos relativos á participación estatal no Centro Galego de Desenvolvemento Integral para persoas con discapacidade.

21- A resposta á demanda conxunta de Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de creación dun novo xulgado do Social en Lugo.

22- En materia de seguridade, a incorporación de novos axentes á Unidade de Policía Adscrita a Galicia ata completar a súa dotación e a ampliación das taxas de reposición de efectivos que permitan levar a cabo a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades.

23- A axilización da execución dos fondos europeos destinados a cumprir os obxectivos de cobertura de banda larga fixados pola Unión Europea para 2020.

24- O apoio por parte da administración xeral do Estado ás candidaturas galegas a Patrimonio Mundial (Ribeira Sacra, Cíes-Illas Atlánticas e Ferrol da Ilustración) así como o remate dos compromisos adquiridos con investimentos culturais como o Museo Arqueolóxico de Ourense, a Biblioteca de Vigo ou a estratexia de dotacións culturais e turísticas nos faros galegos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROacQwrtcx9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:27:32
Nº Rexistro: 61990
Data envío: 20/01/2020 18:27:32.059

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

25-A aprobación dun plan estratéxico por parte do Goberno de España para o Xacobeo 2021 que recolla o cumprimento de compromisos por parte da administración xeral do Estado en materia de patrimonio cultural, seguridade viaria, promoción turística, delimitación e sinalización, así como a ampliación do Consello Xacobeo.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/01/2020 18:15:53

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/01/2020 18:16:14

Paula Prado Del Río na data 20/01/2020 18:16:46

Marta Rodriguez Arias na data 20/01/2020 18:17:05

Gonzalo Trenor López na data 20/01/2020 18:17:16

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/01/2020 18:17:35

Martín Fernández Prado na data 20/01/2020 18:17:48

Maria Antón Vilasánchez na data 20/01/2020 18:18:00

Moisés Blanco Paradelo na data 20/01/2020 18:18:22

Teresa Egerique Mosquera na data 20/01/2020 18:19:00

Raquel Arias Rodríguez na data 20/01/2020 18:19:12

Marta Novoa Iglesias na data 20/01/2020 18:19:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROracOw/tcx9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:27:32
Nº Rexistro: 61990
Data envío: 20/01/2020 18:27:32.059

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 20/01/2020 18:19:48

Sandra Vázquez Dominguez na data 20/01/2020 18:20:07

Jacobo Moreira Ferro na data 20/01/2020 18:20:23

Alberto Pazos Couñago na data 20/01/2020 18:20:32

CSV: REXISTROacQwrtcx9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062992) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 17:58:21
Nº Rexistro: 62992
Data envio: 03/02/2020 17:58:21.688

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto a iniciativa do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **emendas** á **Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, número 61990 (10/PNP-004619)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020, incluída na orde do dia da sesión plenaria que se vai celebrar os días 4 e 5 de febreiro de 2020.

Emenda núm. 1 de adición.

Débese engadir punto 1 o seguinte texto:

"mediante unha reforma legal que deixe sen efecto a realizada no seu día polo goberno do Partido Popular que impide realizar a transferencia da mensualidade adebedada."

Emenda núm. 2 de adición.

Débese engadir ao remate do punto 2 o seguinte texto:

"e baseado nos principios de soberanía fiscal, suficiencia de recursos e cooperación."

Emenda núm. 3 de adición.

Débese engadir ao remate do punto 5 o seguinte texto:

"así como a modernización do FEVE ou a conexión Ferrol Coruña, que foron continuamente denostadas polo anterior goberno central baixo a presidencia de Mariano Rajoy."

CSV: REXISTROHUOqjNxIV9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 17:58:21
Nº Rexistro: 62992
Data envío: 03/02/2020 17:58:21.688

Emenda núm. 4 de supresión.

Débese suprimir no punto 7 a seguinte expresión:

"A-57"

Emenda núm. 5 de adición.

Débese engadir ao remate do punto 10 o seguinte texto:

"no contexto dunha reforma do sector eléctrico que beneficie tamén ás familias, que abarate o prezo da factura da luz para os fogares, e que remate coa pobreza enerxética cun sistema estruturado por bloques de consumo."

Emenda núm. 6 de substitución.

Débese substituír no punto 11 o seguinte texto:

Onde di: "que evite o peche acelerado da central térmica das Pontes"

Debe dicir: "que forneza unha alternativa formativa e laboral inmediata que absorba ás traballadoras e traballadores da Central térmica das Pontes con vistas a empregalos no sector das enerxías renovables, nomeadamente no Hub da enerxía eólica mariña en Ferrolterra"

Emenda núm. 7 de supresión.

Débese suprimir o punto 12.

Emenda núm. 8 de substitución.

Débese substituír no punto 13 o seguinte texto:

Onde di: "evitando incrementar a fiscalidade da tecnoloxía diésel"

Debe dicir: "promovendo a reorientación do sector cara o vehículo eléctrico e o transporte colectivo eléctrico"

CSV: REXISTROHUOgnXxlV9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 17:58:21
Nº Rexistro: 62992
Data envío: 03/02/2020 17:58:21.688

Emenda núm. 9 de adición.

Débese engadir no punto 14 o seguinte texto:

"para paliar a falta de carga de traballo provocada polo retraso ocasionado na construción das F110 polos intereses particulares da inclusión nos contratos dos sistemas de mísiles da empresa onde traballaba o ex ministro de defensa Pedro Morenés".

Emenda núm. 10 de substitución.

Débese substituír o texto do punto 19 polo seguinte:

"O recoñecemento da universalidade do dereito á educación infantil de cero a tres anos."

Emenda núm. 11 de substitución.

Débese substituír no punto 22, o primeiro inciso ata "dotación" por:

"en materia de seguridade, iniciar os trámites para a asunción de competencias para a constitución en Galicia dunha política autonómica integral dotada de recursos humanos e materiais suficientes para a cobertura integral das necesidades de seguridade pública na CA"

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto

CSV: REXISTROHUOgnXxlV9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 17:58:21
Nº Rexistro: 62992
Data envío: 03/02/2020 17:58:21.688

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 03/02/2020 17:57:10

CSV: REXISTROHUOqgNxlV9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062994) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:13:19
Nº Rexistro: 62994
Data envio: 03/02/2020 18:13:19.125

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e portavoz adxunto, Luís Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020 (doc. núm.. 61990)

Emenda de modificación

O contido do punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

"1. Un adecuado financiamento da Comunicade Autónoma de Galicia que inclúa as cuestións pendentes, especificamente o IVE de 2017 e aquelas outras partidas e incentivos que correspondan legalmente. O Goberno presidido por Raxoi xerou o problema co IVE do 2017 froito da modificación do regulamento, cos reais decretos que cambiaron os prazos da última liquidación do IVE, contando co informe favorable do Consello de Estado presidido polo Sr. Romay Beccaría e sen alegacións da Xunta naquel momento. O Goberno de España traballará en acadar unha solución a esta cuestión, xerado nos anos de Goberno do Partido Popular, usando mecanismos como a vía orzamentaria ou o marco do novo sistema de financiamento autonómico."

Emenda de adición

No punto 3 da parte resolutiva débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"A diferencia co que pasou co Goberno presidido polo Sr. Rajoy, o reto demográfico debe ser unha cuestión prioritaria no país, tal como trasladou o presidente do Goberno. A efectos de coordinar a axenda galega coa Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico, o Goberno galego procederá a rectificar o

CSV: REXISTROHJkoggVSI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:13:19
Nº Rexistro: 62994
Data envio: 03/02/2020 18:13:19.125

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

seu fracaso e falla de compromiso neste ámbito que supera a cuestión estritamente lexislativa."

Emenda de adición

No punto 5 da parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes parágrafos:

"O Parlamento de Galicia rexeita as incumprimentos e inadecuada xestión do Goberno de Rajoy nestes ámbitos, recoñecendo que os asuntos pendentes amosas a inacción e a paralización de proxectos como o AVE a Galicia, como sinala o informe do Tribunal de Contas.

O avance nas infraestruturas galegas esixe dun claro compromiso e eficiencia do Goberno da Xunta. Coa finalidade de dotar a comunidade autónoma dunha rede de infraestruturas adecuada, a Xunta de Galicia, e antes de que remate este período de sesións, presentará no Parlamento de Galicia unha planificación do Plan MOVE que permita acadar os obxectivos previstos no dito plan."

Emenda de adición

No punto 6 da parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes parágrafos:

"Despois da aldraxe que implicou a prórroga feita polo Goberno de Aznar da AP9, e do veto ao debate da transferencia cando gobernaba Rajoy, o Goberno de España traballará en mudar os efectos desas decisións.

Así mesmo, o Goberno da Xunta debe rectificar a súa actitude en relación a esas transferencias, pois rexeitou a proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario do PSdeG no Pleno do día 21 de marzo de 2019, na que considerabamos traballar nun amplo abano de transferencias para Galicia."

CSV: REXISTROHJkoggVSI9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:13:19
Nº Rexistro: 62994
Data envío: 03/02/2020 18:13:19.125

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Emenda de adición

No punto 7 da parte resolutiva da iniciativa, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"Todas elas materias pendentes que o Goberno de España do PP non solucionou en sete anos."

Emenda de adición

No punto 8 da parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes parágrafos:

"Todas elas materias pendentes que o Goberno de España do PP non solucionou en sete anos.

Coa finalidade de dotar a comunidade autónoma dunha rede de infraestruturas hidráulicas adecuada, a Xunta de Galicia presentará no Parlamento de Galicia, para o seu coñecemento a planificación e criterios obxectivos que sustentan a dita planificación, as actuacións necesarias para o cumprimento da lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario."

Emenda de adición

No punto 10 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte parágrafo:

"A diferenza do que pasaba cando gobernaba o PP que nin iniciou un estatuto para as electrointensivas, poñemos en valor o traballo do Goberno e instamos a acelerar os prazos o antes posible. Así mesmo, o Goberno da Xunta debe contribuír a achegar solucións a esta problemática."

CSV: REXISTROHJkoggVSI9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:13:19
Nº Rexistro: 62994
Data envío: 03/02/2020 18:13:19.125

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Emenda de adición

No punto 11 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"O país non pode seguir sen estratexia nin políticas de transición ecolóxica xusta como cando gobernaba o PP."

Emenda de adición

No punto 12 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte:

"Así mesmo, o Goberno galego procederá a:

1.- Aclarar publicamente que todas as resolucións de concesión sobre o dominio público marítimo-terrestre se fan de acordo coa Lei de costas de 2013 e o seu Regulamento de desenvolvemento de 2014 aprobadas polo PP cando gobernaba Rajoy.

2. Respectar a veracidade nas declaracións feitas por calquera persoa membro do Goberno galego en relación á materia de resolucións de concesión sobre o dominio público marítimo-terrestre, desbotando calquera declaración electoralista, falaz e alarmista."

Emenda de modificación

O contido do punto 13 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

"13. Apoiar ao sector da automoción, e que o Goberno da Xunta inicie unha política industrial seria e activa para o sector, e tomar todas as decisións favorables á automoción galega e nomeadamente para a área de Vigo en materia enerxética, industrial e outras."

CSV: REXISTROHJkoggVSI9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:13:19
Nº Rexistro: 62994
Data envío: 03/02/2020 18:13:19.125

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Emenda de adición

No punto 14 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

"O Partido Popular non contratou as fragatas F110 cando gobernaba Rajoy e a Xunta carece de plans e acción para o naval. A Xunta de Galicia, dentro das competencias que lle son propias conforme ao establecido no artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, colaborará activamente no mantemento da actividade económica de Ferrol Terra nese período transitorio."

Emenda de adición

No punto 16 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

"Considerando as perturbacións orixinadas no sistema educativo pola aprobación sen ningún consenso da Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE), e como paso previo, o Goberno de España deberá proceder á modificación da citada lei naqueles aspectos que se veñen amosando como elementos desruptivos da necesaria estabilidade do sistema educativo."

Emenda de adición

No punto 17 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

"O Goberno ten que traballar en arranxar os problemas que deixou o Goberno de Rajoy."

Emenda de adición

No punto 21 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

CSV: REXISTROHJkoggVSI9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:13:19
Nº Rexistro: 62994
Data envío: 03/02/2020 18:13:19.125

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Conforme ao xa solicitado no ano 2016 polo Grupo Parlamentario do PSdeG no Parlamento de Galicia; así mesmo, a creación dun novo xulgado de Familia en Ourense e novos xulgados en Sarria, Viveiro e Vilagarcía de Arousa."

Emenda de adición

No punto 24 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte parágrafo:

"Coa finalidade de dotar a comunidade autónoma dunha rede cultural adecuada, a Xunta de Galicia presentará no Parlamento de Galicia, antes de que remate esta lexislatura, a planificación que contemple e concrete, cando menos, a construción do Museo da Romanización de Lugo no Cuartel de San Fernando, Museo do Viño de Galicia en Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia, Museo do Viño na denominada Casa do Conde, situada no interior do castelo de Salvaterra do Miño, e o mantemento das covas de dona Urraca para uso comunitario e cultura."

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/02/2020 18:12:31

CSV: REXISTROHJkoggVSI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0062995) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:16:35
Nº Rexistro: 62995
Data envío: 03/02/2020 18:16:35.214

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 61990 (10/PNP-004619), do Grupo Parlamentario Popular sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020, incluída na orde do día da sesión plenaria do día 4 de xaneiro de 2020.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Débese substituír a parte resolutiva pola seguinte:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Que demande do Goberno central a convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, para acordar entre as CC.AA e o Goberno do Estado un mecanismo que permita a transferencia das cantidades retidas polo Ministerio de Facenda ao tempo que se inicie o procedemento para o establecemento dun mecanismo automático de actualización do sistema e de liquidación das entregas a conta, non dependente da vontade do Goberno central.

2.- Acordar co Goberno do Estado un novo modelo de financiamento autonómico que permita atender as necesidades sociais incrementando a soberanía fiscal de

CSV: REXISTROdMOrtecp7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:16:35
Nº Rexistro: 62995
Data envio: 03/02/2020 18:16:35.214

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Galicia.

3.- A derrogación do decreto de plurilingüísimo.

4.- Defender os intereses de Galicia no reparto de fondos europeos, e a mellora dos mecanismos autonómicos que permitan mellorar as lamentables cifras de execución dos fondos da UE en Galicia.

5.- Solicitar do Goberno Central a finalización das obras do AVE, a mellora das infraestruturas ferroviarias en Galicia, nomeadamente as conexión con Lugo e Ourense e os corredores A Coruña-Ferrol, Vigo-Ourense , ademais de impulsar as medidas necesarias para garantir a inclusión de Galicia no corredor Atlántico Europeo de transporte de mercadorías, e nomeadamente a Xunta de Galicia á modificación do proxecto de intermodal de Ourense e a realización dun estudo para implantar un servizo galego de cercanías e á solicitude da transferencia das competencias en política ferroviaria. Así como a traballar de forma coordinada co Goberno central para garantir que as Intermodais proxectadas nas principais cidades galegas, nomeadamente na Coruña, Ourense, Lugo, e Santiago respondan a un proxecto integral que garanta a conectividade urbana e o dereito á mobilidade.

6.- Demandar a transferencia inmediata da titularidade da AP9, como paso previo ao rescate público da mesma.

7.- Establecer un plan de mantemento, conservación e mellora das estradas de titularidade galega e consecuentemente demandar do Estado a mellora das estradas de titularidade estatal no noso territorio.

8.- Iniciar de forma dialogada co Estado e as entidades locais, un plan de saneamento integral que permita reducir a contaminación das rías e costas galegas e traballar de forma coordinada coa Administración central para acometer de forma urxente as inversións necesarias nas estacións depuradoras de augas residuais. Co obxectivo de reverter a situación de fallo sistémico detectado

CSV: REXISTROdtMOcteob7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:16:35
Nº Rexistro: 62995
Data envío: 03/02/2020 18:16:35.214

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

nas auditorías elaboradas por Augas de Galicia, de onde se conclúe que máis do 60% das depuradoras do noso país atópanse en mal funcionamento.

9.- Elaborar un Plan de Mellora da Atención Primaria dotado de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios, para garantir as políticas de promoción e prevención da saúde así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora na capacidade decisoria e de xestión e incorporando a figura de psicólogo ou psicóloga clínica.

10.- Demandar ao Ministerio de Xustiza a que aumente e dote con maior número de recursos a planta do Ministerio Fiscal en Galicia e articule as medidas oportunas para dotar a Galicia dunha fiscalía anticorrupción delegada exclusiva para o país. Ademais da creación dos xulgados necesarios en Galicia de violencia de xénero, e do social que demanda a sociedade civil galega.

11.- Impulsar políticas para crear un Parque Público de aluguer e vivenda de protección autonómica en propiedade e aluguer que en 3 anos sexa capaz de dar resposta á demanda expresada por case 14.000 galegas e galegos no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública.

12.- Demandar do Estado a transferencia das competencias dos portos de interese xeral de Galicia e a resolución das débedas contraídas polos mesmos.

13.- Demandar do Goberno do Estado un proceso de diálogo transparente para a elaboración do decreto de modificación do Regulamento de costas.

14.- Demandar do Goberno central a defensa do sector tradicional da pesca galega e iniciar os trámites oportunos para exercer as nosas competencias en augas interiores, por exemplo para elaborar un plan sectorial para a pesca da sardiña mediante a arte do xeito.

15.- Iniciar os traballos e apoiar ao Goberno central nas medidas necesarias para derrogar a LOMCE e acadar un pacto educativo que prime a educación pública e

CSV: REXISTROdtMOcteob7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:16:35
Nº Rexistro: 62995
Data envio: 03/02/2020 18:16:35.214

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

de calidade .

16.- Incrementar os recursos destinados a sanidade pública, para acabar co déficit de recursos e profesionais do SERGAS.

17.- Incrementar os orzamentos adicados á dependencia e levar adiante todas as medidas precisas, incrementando as partidas correspondentes nos orzamentos, para garantir a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas na rede pública, dirixirse ao Goberno do Estado para solicitar a colaboración económica para levar adiante esta medida.

18.- Ter en conta as advertencias dos perigos de perda de consideración como Patrimonio da Humanidade dos Camiños de Santiago, derrogar a "aberrante" Lei de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas; atender os informes de ICOMOS e dos expertos para protexer o patrimonio cultural, paisaxístico e medioambiental e protexer os Camiños das agresións que están padecendo; evitar o impacto masivo do Turismo e xerar traballo estable e de calidade.

19.- Establecer un plan de industrialización de Galicia, que permita recuperar as terribles cifras de destrución de emprego industrial que presenta Galicia, en colaboración cos axentes sociais galegos, definindo un Plan de Transición Enerxética de Galiza, ante o peche das centrais térmicas, que se encadre nas liñas impulsadas pola UE e que poida financiar por medio dos fondos europeos para as zonas afectadas pola transición enerxética. Derrogar a Lei 5/2017 de Fomento de Iniciativas empresariais para optar por un modelo económico sostible.

20.- Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de derrogar as reformas das pensións de 2011 e 2013, reducir a idade de xubilación, mellorar as condicións de acceso ás pensións e, ademais de mecanismos de redistribución de riqueza (eliminación dos topes de cotización, mellora dos ingresos do sistema derivados das cotizacións e dos ingresos fiscais), introducir o financiamento vía impostos, a través dos orzamentos, blindando as pensións como unha prestación social

CSV: REXISTROdtMOcteob7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:16:35
Nº Rexistro: 62995
Data envío: 03/02/2020 18:16:35.214

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

fundamental.

21.- Demandar do Goberno central a aprobación á maior brevidade posible dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que recolla as demandas realizadas dende Galicia, así como a posta en marcha das medidas necesarias para favorecer un prezo eléctrico estable, así como unha redución do prezo da enerxía para os consumidores domésticos.

22.- Solicitar a convocatoria urxente da Mesa do Naval e a adopción de medidas que permitan acadar carga de traballo para os estaleiros públicos e a inmediata entrada da Xunta no Consello de Administración de Navantia.

23.- Esixir ao Goberno español unha Comisión de Investigación, verdadeiramente independente, do accidente ferroviario de Angrois na liña do enunciado pola Comisión Europea.

24.- Demandar ao Goberno español a modificar a Lei 12/2013 de medidas para mellorar o funcionamento da Cadea Alimentaria co obxectivo de garantir un prezo xusto aos produtores e produtoras agrícolas, e a esixir para ser perceptor das axudas públicas para a agroindustria o cumprimento do recollido no Código de Boas Prácticas Mercantís de Contratación Alimentaria.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: REXISTROdtMOcteob7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:16:35
Nº Rexistro: 62995
Data envío: 03/02/2020 18:16:35.214

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 03/02/2020 18:15:55

CSV: REXISTROdtMOcteob7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA

(0063002) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:23:43
Nº Rexistro: 63002
Data envío: 03/02/2020 18:23:43.450

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **61990 [10/PNP-004619]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 4 de febreiro de 2020.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

"-Adoptar unha posición de firmeza e defensa dos intereses de Galiza que supere as actitudes de submisión a Madrid e a intereses partidistas.

-Cuestionar o modelo centralista que beneficia a Madrid e que discrimina a Galiza, nomeadamente en materia fiscal e de investimentos.

-Avanzar no reforzo da capacidade de decisión do autogoberno galego mediante a proposta de convocatoria da comisión mixta de transferencias Estado-Xunta para programar a activación da transferencia da totalidade de competencias pendentes."

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG

CSV: REXISTRORTWMtHBQa9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2020 18:23:43
Nº Rexistro: 63002
Data envío: 03/02/2020 18:23:43.450

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2020 18:15:56

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2020 18:16:04

CSV: REXISTRORTWMHBQa9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA